

80 ANOS DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA 1936-1939

EXPOSICIÓN NO SALÓN DE ACTOS: *LEMBRANDO A GUERRA CIVIL, SEMENTANDO PAZ* A GUERRA DO 36 E AS SÚAS CONSECUENCIAS

ACTIVIDADES PROPOSTAS DESDE OS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DA BIBLIOTECA DO IES SAN PAIO

A exposición que se atopa no Salón de Actos do IES San Paio está **pensada para que vos paredes diante dos libros**, para que vos deixedes guiar polo cuestionario seguinte **e que tratades de investigar o que se vos propón**. Xa sabemos que isto non é nada doado, iso era o que procurabamos.

O noso interese é que toda a comunidade participe na exposición. Como? Agora hai moitos libros, libros da biblioteca do centro e de bibliotecas particulares, nas vosas mans está que, dentro dunhas semanas, algúns dos libros poidan volver ao seu lugar normal, para iso convidámosvos a traer un obxecto, unha carta, unha fotografía, calquera cousa que teña que ver coa guerra, a represión a partir do 36 e as consecuencias na vida das persoas.

Preguntade nas vosas casas, nas vosas familias... Falade coas vosas avoas, cos vosos avós, cos vosos pais e nais, preguntádelle que saben da guerra, se teñen “cartillas” de racionamento, se teñen cartas desde o campo de batalla, desde o exilio, se teñen algunha outra cousa...

Na exposición hai un obxecto que estivo na batalla do Ebro, localízao e pensa nas súas funcións.

Por favor, colaborade para que esta exposición siga mudando e os obxectos completen e ilustren o contido dos libros!

Pensade que todo isto dá moito traballo e só ten sentido se chega a toda a comunidade e se vós participades.

CUESTIÓNS SOBRE A EXPOSICIÓN

1.- Nun lugar da exposición están dous libros de Manuel Rivas, anota os seus títulos. Que novela deste autor que foi levada ao cine? Que outro relato seu, tamén relacionado coa represión do 36, foi adaptado ao cine?

2.- Busca información sobre a obra de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro*. Que ten que ver esta novela con Tui?

3.- Ao pé dos libros de Manuel Rivas, nun folleto temos información sobre Díaz Pardo. Quen foi Díaz Pardo? Que relación pode ter o pai de Díaz Pardo coa obra *O Lapis do carpinteiro*?

4.- Pregunta na túa familia e coñecidos se saben quen foi o doutor Comesaña e a súa compañeira Chonchiña Comesaña.

5.- Que escritora de varios libros de memorias (temos un en galego nesta exposición) traballou coa resistencia en Francia e estivo nun campo de concentración nazi? Como se titula o libro da súa autoría que en versión galega figura nesta mostra?

6.- Sobre a vida da pintora surrealista Maruxa Mallo figura na exposición unha novela e unha biografía, quen son as autoras? Na novela hai un capítulo que recolle o que escribiu Maruxa Mallo sobre Tui, de que trataba este escrito?

7.- Hai unha autora que escribiu as súas memorias, publicadas primeiro no exilio e despois en galego, esta autora participou en múltiples actos do ano da memoria, tamén estivo no noso instituto, foi filla do último alcalde republicano de Vilagarcía e compañeira do escritor Ramón de Valenzuela. Cal é o seu nome e como se titula o seu libro de memorias en galego?

8.- A que se dedicou María Casares? Como se titula a súa autobiografía? Quen é a autora da biografía da colección Mulleres, publicada pola desaparecida edicións A Nosa Terra que figura nesta mostra?

9.- Quen foi a autora de *Diarios*, compañeira e musa do pintor Francisco Miguel? Nos teus tempos libres busca información sobre a terríbel morte de Francisco Miguel.

10.- Quen foi a primeira muller que formou parte dun goberno en Europa e foi ministra de Sanidade e Asistencia social, autora dunha novela co título de *La Indomable*?

11.- Cal era o verdadeiro nome de “Curuxás”? Fíxate na fotografía da portada do libro: *Curuxás, o guerrilleiro que non cazou Franco*, que atopas?

12.- Que illa situada en Galiza se converteu nun auténtico lugar da represión franquista? Fíxate nos libros que recordan esta historia. Cantos temos nesta exposición? Anota algún dos seus títulos.

13.- Recoñeces o lugar da portada do libro de Gonzalo Amoedo López e Roberto Gil Moure titulado: *Episodios de terror*?

14.- No apartado de sindicalismo hai un libro co título, *Obreiros alén mar*, quen é o seu autor, profesor no Instituto Indalecio Pérez Tizón?

15.- Quen é o autor do libro *El holocausto español*? A que fai referencia con este título?

16.- Dous xuristas formaron parte do comité de redacción do Estatuto de Autonomía de 1936, cal é o seu nome? Tiveron relación co Seminario de Estudos Galegos?

17.- A quen lle escribe cartas Carballo Calero no libro que está nesta mostra? Que salienta no seu currículo?

18.- Como se titula a biografía que escribiu Lois Tobío? Busca información sobre os libros que traduciu Lois Tobío.

19.- Que xornais nesta exposición nos mostran o día en que “rematou a guerra”? Anota algún deses titulares. De que día son as portadas?

20.- Cantos militantes das Irmandades da Fala foron asasinados pola represión iniciada no 36, segundo o xornal *Sermos Galiza*?

21.- Que medio de comunicación tudense publica a celebración do terceiro aniversario da República?

22.- A que profesor do Instituto de Ensino Medio de Tui se lle abriu expediente? Que ano se lle dedicou o día das Letras Galegas? Cal era ese instituto?

23.- En que se converteu este edificio, o do actual San Paio, no 36?

24.- Investiga: Neste instituto, como se chama a aula de debuxo e por que leva o seu nome?

25.- Hai dous libros relacionados cun director de Cine galego, quen foi? Investiga o que aconteceu co seu filme *Galicia*.

26.- Que nome leva a revista publicada en México e da que tamén é responsábel Carlos Velo?

27.- Por que cres que hai un libro nesta exposición con imaxes de Arturo Souto? Que relación pode existir entre Arturo Souto a Carlos Velo?

28.- Sinala algunha publicación desta exposición que teña relación con Luís Seoane?

29.- En que exposición estiveron presentes os retratos pintados por Benito Prieto Coussent? Por que pintou e onde eses retratos?

30.- No catálogo da exposición *Memorial da Liberdade* están as imaxes dos retratos pintados por Prieto Cousset, e tamén na portada dun libro baixo a responsabilidade de Alonso Montero, como se titula este libro?

31.- De que ano é o libro *Poemas pola memoria(1936-2006)*? En que ano tivo lugar a exposición *Memorial da liberdade*? Como se coñece ese ano?

32.- Que libro de Josefina Aldecoa está presente nesta exposición? Por que levará ese título?

33.- Busca información sobre Dulce Chacón. Que libro da súa autoría está na mostra? Con que feito histórico que foi levado ao cinema está relacionado? Como se titulou o filme?

34.- Que libro de Alberto Méndez foi adaptado ao cine? Que se atopa na portada do libro?

35.- Cando morreu e como Federico García Lorca? Quen escribiu o libro *Los últimos días de Lorca*?

36.- Como se chamaba a revista mensual de Galiza-Euzkadi-Catalunya publicada en Bos Aires? Hai algún acto cultural na actualidade que siga conservando o nome da revista?

37.- Quen foi o alcalde de Bueu fusilado en 1936? Que era profesionalmente? Que certame literario leva o seu nome na actualidade?

38.- Quen foi o director da publicación *A Nosa Terra* fusilado na Caeira? Investiga que lle aconteceu ao alcalde de Santiago de Compostela Anxel Casal e que revista que dá nome a unha Xeración foi editada baixo a súa responsabilidade?

39.- Cando e por que se celebra o Día da Galiza Mártir?

40.- Quen foi Bibiano Fernández Osorio-Tafall?

41.- Sinala a autoría dos seguintes libros:

Agosto do 36.

Si te dicen que caí

Os mortos daquel verán

Las afueras

Longa noite de pedra

Falcó.

42.- Busca información sobre Antón Alonso Ríos. Que narración sobre unha época da súa vida escribiu? Quen foi o editor deste libro e que relación ten coa cidade de Tui?

43.- Na exposición, ao pé do libro de Alonso Ríos, está un de Ramón de Valenzuela, como se titula? Por que cres que levará este título? Que relación ten este escritor con outra autora presente na mostra?